Concello de Pontevedra

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO/A MEDIO DE XESTIÓN DE ADMINISTRACIÓN XERAL QUENDA PROMOCIÓN INTERNA.

1.- RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO PRÁCTICO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

Reunido o tribunal cualificador o día 9 de xuño de 2022 para a lectura pública e puntuación do segundo exercicio, aplicando os criterios establecidos na base 5ª b), das específicas do proceso selectivo así como os criterios de corrección establecidos polo tribunal, a cualificación obtida foi a seguinte:

ASPIRANTE	PUNTUACIÓN
AGEITOS GONZALEZ, MARIA AGUSTINA	10
COVELA RÚA, SARA	11,50

As persoas aspirantes convocadas para a lectura pública do segundo exercicio e que non figuran na listaxe anterior, ou non se presentaron ou non superaron o exercicio, obtendo a cualificación de NON APTA, de conformidade co disposto na base 11ª das xerais do proceso selectivo.

2.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.- A puntuación total das persoas que superaron o segundo exercicio, obrigatorio e eliminatorio, do proceso selectivo convocado para a provisión de dúas prazas de técnico/a medio/a de xestión, polo sistema de promoción interna, queda do seguinte xeito:

ASPIRANTE	FASE CONCURSO	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	TOTAL
AGEITOS GONZALEZ, MARIA AGUSTINA	13,50	14	10	37,50
COVELA RÚA, SARA	6,40	10,66	11,50	28,56

3.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO.- En consecuencia, o tribunal eleva á concelleira de Persoal e Cultura a puntuación definitiva das aspirantes con especificación das puntuacións en cada exercicio do proceso selectivo, propoñendo o nomeamento para ocupar dúas prazas de técnica media de xestión (quenda promoción interna) ás aspirantes:

AGEITOS GONZALEZ, MARIA AGUSTINA

COVELA RÚA, SARA

As aspirantes propostas deberá achegar, dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Pontevedra, a documentación sinalada nas bases para acreditar que cumpre os requisitos esixidos para o seu nomeamento e para a praza convocada, de conformidade co disposto na base 16 das xerais da convocatoria.

4.- RÉXIME DE RECURSOS.- Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

5.- PUBLICACIÓN DO RESULTADO.- O Tribunal dispuxo que pola Secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, na páxina web do Concello de Pontevedra, a relación coas cualificacións obtidas polas aspirantes aprobadas no segundo exercicio e a proposta de nomeamento.

Documento asinado electrónicamente pola secretaria do Tribunal, en Pontevedra, na data indicada na sinatura electrónica.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:32HBUK2VZWJKJC61

A secretaria do tribunal, en Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica.

Asinado por: VANESA GOMEZ PACHECO
Servizo: SERVIZO DE DISCIPLINA URBANISTICA E MEDIOAMBIENTAL
Cargo: XEFA DE SERVIZO
Data: 09/06/2022

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:32HBUK2VZWJKJC61